



CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PONTECESO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2020 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

Por unha banda, Tomás Fernández-Couto Juanas, director xeral de Defensa do Monte segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro, (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro de 2012), polo que se dispón o seu nomeamento; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería. (DOG núm. 223, do 23 de novembro de 2015).

Da outra, Xosé Lois García Carballido, alcalde da entidade local de **PONTECESO**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio interadministrativo.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á





Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

SEGUNDO.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

TERCEIRO.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no seu artigo 59 establece que: *“A Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.*

A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia”.





CUARTO.- As accións en materia de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural (FEADER) foron incorporadas na submedida 8.3 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) de Galicia 2014_2020 aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por última vez mediante Decisión da Execución da Comisión C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro de 2019. E en concreto están previstas nas seguintes normas:

- Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derógase o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derogan os Regulamentos (CE) núm. 352/78, (CE) núm. 165/94, (CE) núm. 2799/98, (CE) núm. 814/2000, (CE) núm. 1290/2005 e (CE) núm. 485/2008 do Consello.
- Regulamento de execución (UE) núm. 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento e do Consello, relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do





Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

QUINTO.- Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

En todo caso, cómpre lembrar que tódalas entidades locais de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiamento con FEADER.

SEXTO.- Á vista do exposto debe recoñecerse que as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais, polo que a Consellería do Medio Rural no marco descrito nos anteriores expoñendos ofrece a tódalas entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar algunha/s das seguintes accións:

- Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal financiado con fondos propios da Comunidade Autónoma.
- A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado financiado con fondos FEADER.





- A contratación de brigadas para o desenvolvemento de:
 - Labores de vixilancia e defensa financiado con fondos propios da Comunidade Autónoma
 - Para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con fondos FEADER.

Polo exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de **PONTECESO** no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020 de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de tódolos recursos que se inclúen neste convenio.

SEGUNDA.- ACCIÓNS OBXECTO DE ACORDO.

As accións de prevención e defensa contra os incendios forestais a executar pola entidade local, no marco deste convenio, son as que se especifican no Anexo I.

TERCEIRA.- PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE TRABALLOS PREVENTIVOS

1. Os traballos a realizar de tratamentos preventivos de xeito mecanizado planificaranse previamente a través dun único Programa de Actuacións Preventivas (PAP) a presentar pola entidade local cos contidos e prazos





recollidos no Anexo III. Este prazo vencerá un mes despois da sinatura do convenio.

2. O Programa de Actuacións Preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos e emitírase un informe no prazo de 15 días. De ser favorable o informe emitido, o Programa de Actuacións Preventivas poderá ser aprobado pola Comisión de Seguimento. Se o informe é negativo o programa deberá ser modificado pola entidade local. Unha vez aprobado por dita Comisión o Programa de Actuacións Preventivas a entidade local achegará unha comunicación de inicio dos mesmos ao Distrito Forestal.
3. A falta de presentación do Programa de Actuacións Preventivas pola entidade local ou o sometemento dun Programa tan defectuoso que imposibilite o desenvolvemento dos traballos será causa de resolución.

CUARTA.- CONTRATACIÓN DE MEDIOS NECESARIOS POLA ENTIDADE LOCAL

1. A entidade local colaboradora, para as accións de realización de tratamentos preventivos poderá realizar as tarefas sinaladas no presente acordo directamente, mediante encargos a medios propios, por contratos con empresas do sector, formalizados ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou a través de empresas públicas (municipais ou alleas).





2. No caso de que a entidade local contrate con empresas do sector as accións de realización de tratamentos preventivos independentemente das obrigas dispostas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles; o feito de que o financiamento das actuacións sexa con fondos europeos FEADER, impón, consonte o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014 no que se establecen disposicións relativas aos controis, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. Por tanto a existencia de solicitude dun mínimo de tres ofertas aplicarase independentemente da contía de licitación.

3. A subscrición do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre todo o persoal xestionado directa ou indirectamente pola entidade local e a Consellería do Medio Rural; de tal modo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos que teñan lugar durante o desenvolvemento do citado convenio.

4. A entidade local deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA.- COMPROMISOS XERAIS DA ENTIDADE LOCAL

A entidade local, en calquera das accións propostas no convenio, comprométese

a:





1. Colaborar nos termos que establecen as cláusulas seguintes relativas a acción de actuación de tratamentos preventivos.
 - a) Someterse ás actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio efectuará a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como os controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.
 - b) Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 66.1.c) i) do Regulamento (UE) núm. 1305/2013.
 - c) Proporcionar á Autoridade de xestión do PDR, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegara a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, tal como establece o Regulamento (UE) núm. 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no artigo 71 o compromiso por parte dos beneficiarios de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural.
2. A sinatura do presente convenio pola entidade local conleva a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo os artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





3. Acreditar que a entidade local cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

SEXTA.- COMPROMISOS DA ENTIDADE LOCAL NA ACCIÓN DE ACTUACIÓN DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS.

A entidade local, na acción de actuación de tratamentos preventivos, comprométese a:

1. Manter a maquinaria empregada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.
2. Realizar traballos consistentes na roza mecanizada da faixa auxiliar en ambas marxes da vía, mediante pase de rozadoira de brazo hidráulico axustada a tractor. Incluírse nesta actuación a roza de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario.
3. Realizar os traballos en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as que a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición, consonte ao disposto na táboa de tipos de combustible disposta no Anexo II ao presente convenio.

SÉTIMA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A Consellería do Medio Rural asume os seguintes compromisos:





En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). No seu caso a BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

OITAVA.- PRAZO DE INICIO DA OPERATIVIDADE

O comezo de operatividade da acción de tratamentos preventivos de xeito mecanizado será notificada pola entidade local a Consellería do Medio Rural. Os traballos poderán desenvolverse ata o 30 de setembro. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de remate dos traballos prevista anteriormente, o que quedará autorizado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de remate, que en calquera caso non poderá ser máis tarde do 30 de outubro.

NOVENA.- ORZAMENTO

1. Os custos das accións para desenvolver o presente convenio repartiranse entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local.
2. O convenio financiarase pola Consellería do Medio Rural segundo o descrito no Anexo I, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551-B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.
3. A parte correspondente á entidade local será efectuada directamente pola mesma con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponda.





DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES NAS ACCIÓNS DE PREVENCIÓN (FEADER)

1. Son gastos subvencionables na acción de tratamentos preventivos de xeito mecanizado os derivados da execución de actuacións mediante roza mecanizada.

A Consellería abonará até un máximo de **130,10 €/ha**, cantidade que corresponde á porcentaxe do 100,00% sobre o prezo de custe da actuación.

DESCRICIÓN	IMPORTE MÁXIMO(€/ha)	PORCENTAXE A SUBVENCIONAR
Roza mecanizada dunha hectárea con rozadoira de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta ou semicuberta de matogueira ou herbácea.	130,10	100,00%

Tamén será subvencionable a colocación dun cartel para a publicidade FEADER segundo describe o Anexo IV e a cláusula décimo novena.

DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO
Unidades de panel para publicidade FEADER	236,484 €/ud

2. Con carácter xeral, nas accións de prevención:
 - a. Os traballos preventivos incluídos neste convenio serán cofinanciados polo FEADER nun 75%, 7,5 % pola Administración xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia. Estas labores de prevención enmárcanse dentro da medida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014_2020.





- b. Os importes dispostos nos apartados anteriores desta cláusula terán a consideración de custos de referencia que suporán límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, consonte o establecido no artigo 67.1.a) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013. Por esta razón, esixírase aos beneficiarios da axuda que presente xunto coa solicitude de pago facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificante de pago.
4. A cláusula 10.1 establece que os traballos mecanizados realizaranse en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%). A discriminación de traballos mecanizados dos manuais debe realizarse do seguinte xeito:
- Traballos a realizar de forma mecanizada: roza en superficies con pendentes inferiores ao 10% ou roza da faixa auxiliar en ambas marxes de vías, mediante pase de rozadoira de brazo hidráulico axustada a tractor. Inclúese nesta actuación a roza de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.
 - Traballos a realizar de forma manual: en pendentes iguais ou superiores ao 10% ou inferiores cando non sexa posible a súa mecanización tanto pola súa pouca superficie como pola existencia de obstáculos que a impida.
5. A interpretación da cláusula 10 e Anexo IV do convenio debe realizarse á luz dos criterios establecidos no punto anterior.

DECIMO PRIMEIRA.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. O prazo de presentación anual da documentación xustificativa da acción de tratamentos preventivos de xeito mecanizado rematará o 15 de outubro. Por causas xustificadas poderá ampliarse o devandito prazo, o que quedará





autorizado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia do novo prazo, que en calquera caso non poderá rematar máis tarde do 15 de novembro.

2. En calquera caso respectarase o principio de anualidade para a xustificación do convenio.

DECIMO SEGUNDA.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS A PRESENTAR POLA ENTIDADE LOCAL EN MATERIA DE PREVENCIÓN (FEADER)

1. Para proceder ao pagamento final dos gastos derivados das accións de tratamentos preventivos de xeito mecanizado a entidade local deberá presentar a seguinte documentación xustificativa conforme a instrución AX06 2014_2020 “Xustificación do gasto e pago nas axudas en forma de reembolso de custos subvencionables”, elaborada pola autoridade de xestión .
 - a. Solicitud de pagamento.
 - b. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - c. Declaración relativa ao cumprimento da finalidade do convenio en materia de prevención contra incendios forestais e a aplicación dos fondos necesarios para a execución desta parte do convenio.
 - d. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio en materia preventiva detallando a superficie mecanizada





obxecto de actuación. Ditas superficies deberán ser obrigadamente aquelas aprobadas no Programa de actuación previamente preparado e aprobado.

- e. Memoria económica xustificativa do convenio en materia preventiva.
- f. Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, número de factura, e importe sen imposto sobre o valor engadido (IVE), importe con IVE, data de emisión da factura, data de pagamento e documento acreditativo do pago. **O IVE non será subvencionable con FEADER, debendo soportalo o propio beneficiario.** Os documentos acreditativos do pago deberán reflectir, polo menos, a seguinte información:
- i. O pagador ou ordenante do pago, que deberá coincidir exactamente co beneficiario da subvención.
 - ii. O perceptor do pago, deberá coincidir co emisor da factura.
 - iii. A data efectiva de saída dos fondos, que deberá coincidir co emisor da factura.
 - iv. O importe.
 - v. O concepto.
 - vi. A factura obxecto de pagamento.
- g. Nóminas e gastos de seguridade social xustificados mediante os documentos TC1 (cotizacións que corresponden á empresa e aos traballadores) e TC2 (relación nominal de traballadores coas súas bases de cotización, bonificacións, deducións e outros beneficios deducibles). Os devanditos impresos desaparecerán de xeito progresivo pola incorporación ao sistema de liquidación directa de cotas dos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar.
- h. A intensidade de axuda ascenderá a:





- i. 100% para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado. Cun importe máximo por hectárea de: 130,10 €/ha. O importe máximo é o reflectido no punto 1.b. do Anexo I.
- i. No caso de que a entidade local contrate con empresas do sector as accións de realización de tratamentos preventivos independentemente das obrigas dispostas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vínculo entre eles; o feito de que o financiamento das actuacións sexan con fondos europeos FEADER, impón, consonte o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014 no que se establecen disposicións relativas aos controis, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. Por tanto a exigencia de solicitude dun mínimo de tres ofertas aplicarase independentemente da contía de licitación.
- j. No suposto de custo por execución de obra ou servizo o beneficiario deberá achegar a xustificación de ter solicitado como mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vínculo entre eles, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades. Esta xustificación poderá realizarse mediante a acta de apertura da licitación e a resolución de adxudicación da mesma ou a remisión das ofertas solicitadas. A elección entre as ofertas presentadas deberá recaer na máis económica, xustificando debidamente unha memoria a elección noutro senso.





- k. Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados. A orde destes documentos deberá ser, na medida do posible, a mesma que a da relación clasificada de gastos e investimentos da actividade.
2. A entidade local deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

DÉCIMO TERCEIRA.- ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA

1. En materia de prevención contra incendios mecanizada a consellería emitirá certificación expedida por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección previa, en materia dos traballos de prevención de incendios na cal se indique se as obras realizadas foron executadas de conformidade, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co Programa de Actuación aprobado pola Comisión de Seguimento. Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra en materia de prevención das aprobadas.
2. No caso de que o importe xustificado pola entidade local coa notificación de remate dos traballos, supere en máis dun 10% o importe da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, reducirase a subvención a percibir resultante da comprobación final, coa diferenza entre ambos importes . Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o





beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

3. O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do regulamento (CE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Emitirase certificación expedida na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola Comisión de Seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.
4. Teranse en conta os criterios xerais ditados polo fondo Español de Garantía Agraria na Circular de coordinación 33/2020 relativa aos criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado no período 2014_2020, que substitúe á circular de coordinación 23/2015. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 18/2019 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado no período 2014_2020, que substitúe a Circular de coordinación 22/2015.
5. A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar canta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

DÉCIMO CUARTA.- REINTEGROS.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou





axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

2. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.
3. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.
4. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos propios, os xuros de demora esixiranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos FEADER, os xuros de demora calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución. O tipo de interese aplicable calcularase de acordo co Dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de interese aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais, segundo describe o artigo 7 do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da comisión do 17 de xullo de 2014.
6. Poderanse compensar as débedas das entidades locais conforme ao establecido no artigo 40 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento presidida polo xefa territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña (ou representante en quen delegue), un representante da entidade local e o xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (ou representante en quen delegue). Son funcións desta Comisión de Seguimento:
 - a. Velar polo cumprimento do convenio.
 - b. Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
 - c. Aprobar o Programa de actuación de traballos preventivos.
 - d. Aprobar a ampliación da data de inicio da operatividade dos medios cando dito comezo se demorase, por causas xustificadas, máis aló do e 31 de xullo.

2. Esta comisión reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

DÉCIMO SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN





A Consellería do Medio Rural interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

DÉCIMO OITAVA.- RESCISIÓN DO CONVENIO

Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a Comisión de Seguimento, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de mora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PUBLICIDADE E MEDIOS ELECTRÓNICOS

1. As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Asemade en materia de fondos FEADER rozas mecanizadas as obrigas en materia de publicidade veñen recollidas no punto 2 da parte 1 do Anexo III do Regulamento de Execución (UE) núm. 808/2014, da Comisión do 17 de xullo e co disposto na “Estratexia de información e publicidade” do PDR de Galicia 2014_2020 (ver resume no Anexo IV). En todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do FEADER mostrando:





- a) O emblema da Unión.
- b) Unha referencia á axuda do FEADER.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público da axuda obtida do FEADER, da seguinte forma:

- a) Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web, e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.
- b) No caso de operacións non comprendidas no punto c (obras de infraestruturas ou construción que se beneficien dunha axuda pública total de importe superior a 500.000 euros), atenderase as seguintes obrigas: As operacións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 euros, en función da operación financiada colocarán polo menos un panel coa información acerca da operación (de tamaño mínimo A3), onde se destaque a axuda financeira recibida pola Unión, nun lugar visible para o público. Cando a operación no marco dun PDR dea lugar a unha inversión, que reciba unha axuda pública total superior a 50.000 o beneficiario colocará unha placa explicativa coa información sobre o proxecto, na que se destacará a axuda financeira da Unión.

2. A administración impulsará que todas as comunicacións que se realicen no marco do presente convenio se realicen a través dos medios electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.





VIXÉSIMA .- NATUREZA DO CONVENIO E NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS AO PRESENTE CONVENIO

O presente convenio poderá ser obxecto de modificacións ou prórrogas para os anos 2021 e 2022 xustificadas trala tramitación da necesaria Addenda e seguindo todos os trámites necesarios para a súa oportuna formalización.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- MODELOS ORIENTADORES A PRESENTAR

Na páxina web da Consellería do Medio Rural estará dispoñibles, cando menos, todos os modelos orientadores necesarios para a xustificación, pola banda do beneficiario, dos traballos realizados segundo as condicións establecidas no presente convenio. O enlace é:

[http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/incendios_forestais/
convenios_de_prevenion_e_defensa_con_entidades_locais/](http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/incendios_forestais/convenios_de_prevenion_e_defensa_con_entidades_locais/)

VIXÉSIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 do decembro do 2020.





VIXÉSIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e ao Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica de protección de datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

O conselleiro do Medio Rural
P.D. O director xeral de Defensa do Monte
Orde do 17/11/2015
Tomás Fernández-Couto Juanas

O alcalde de **PONTECESO**

Xosé Lois García Carballido





ANEXO I. ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS A EXECUTAR POLA ENTIDADE LOCAL DE PONTECESO, NO MARCO DESTE CONVENIO

A entidade local comprométese ao desenvolvemento das seguintes accións anuais:

A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en **42,52** hectáreas.

- a. Axuda máxima: 130,10 € /ha
- b. Total axuda máxima: **5.531,85 €**

En síntese o convenio financiarase pola Consellería do Medio Rural cunha contía anual de **5.531,85 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551-B. 760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

O importe anual desagregado segundo natureza dos fondos e código de proxecto en dita aplicación orzamentaria será a seguinte:

- a. Cód. proxecto 2011 00771 (Fondos propios da CA): **0,00 €**/ano
- b. Cód. proxecto 2016 00212 (FEADER): **5.531,85 €**/ano





ANEXO II. PARÁMETROS DE XESTIÓN DE BIOMASA PARA A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS SILVÍCOLAS PREVENTIVOS DE XEITO MECANIZADO

A entidade local comprométese a realizar tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre das cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición, consonte ao disposto na táboa seguinte.

ESTRATO	ESPECIE VEXETAL	PARÁMETROS DE XESTIÓN DE BIOMASA
Estrato arbustivo	Queiruga: <i>Calluna vulgaris</i>	Eliminación e retirada total das especies sinaladas
	Carqueixa: <i>Chamaespartium tridentatum</i>	
	Xesta: <i>Cytisus spp</i>	
	Uz, carpaza: <i>Erica spp</i>	
	Xesta, piorno: <i>Genista spp</i>	
	Fento: <i>Pteridium aquilinum</i>	
	Silva: <i>Rubus spp</i>	
	Toxo: <i>Ulex europaeus</i>	
Estrato herbáceo	Todo tipo de herbáceas	Permítese un estrato herbáceo verde cun volume inferior a 2.000 m ³ /ha (valor medio de 20 cm de altura)
Estrato arbóreo		A distancia mínima entre plantas será de 7 m mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo. Retíranse os restos.
Todo tipo de vexetación seca (arbórea, arbustiva e herbácea)		Eliminación e retirada total





ANEXO III. CONTIDOS MÍNIMOS DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN PREVENTIVAS

Os contidos mínimos do Programa de Actuacións Preventivas (PAP) serán os seguintes:

A) **Ámbito de actuación** das actuacións preventivas:

Realizaranse os traballos de prevención de incendios, dentro do ámbito municipal da entidade local, en

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

B) **Tipos de traballo** obxecto de axuda:

Brigadas: Consistirán en actuacións manuais, en zonas non mecanizables, mediante tratamentos silvícolas, como rozas, rareos e posterior eliminación de restos.

Tratamentos preventivos: Consistirán en actuacións mecanizadas mediante rozas ao obxecto de diminuír a carga de combustible.

C) **Xustificación** das superficies obxecto de actuación:

As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva. e deberán estar en concordancia co Plan de





Prevenición do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

D) Táboa resumo de superficies obxecto de actuación

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo:

- Traballos manuais e mecanizados.
- Parcelas ou vías de actuación coa descrición, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)
- No caso de actuacións manuais, a superficie proposta deberase desagregar:
 - Superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.121,10€/ha).
 - Superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.195,84 €/ha).
 - Superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (1.464,90 €/ha).
 - Superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (1.793,76 €/ha).

E) Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1: 5:000, ou no seu defecto 1:25:000 no que se reflectan as actuacións preventivas





propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

O prazo para a presentación do PAP será de un mes desde a sinatura do convenio.






ANEXO IV. PUBLICIDADE FEADER

Os modelos de carteis que os concellos deben instalar como beneficiarios de axudas FEADER adaptaranse ao seguinte formato estándar no que o emblema da Unión Europea e a denominación do fondo, conxuntamente co lema, ademais da descrición do proxecto ou operación deberán ocupar como mínimo o 25% do deseño.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		GOBIERNO DE ESPAÑA		MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN	<i>Espazo para emblema</i>	<i>Espazo para emblema</i>	
	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural							
	Europa inviste no rural							
<p>PROXECTO: Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de PONTECESO para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014_2020</p> <p>PROMOTOR: Concello de PONTECESO</p> <p>INVESTIMENTO: AXUDA PÚBLICA</p> <p>PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014_2020 MEDIDA: 8.3</p>								





CORES E TIPO DE LETRA

Cor branco fondo	Branco
Cor fondo 1	Gris
Cor fondo 2	Cian 100%
Cor fondo 3	Negro
Tipo de letra	Rafale
Tipo de letra Feader e lema	News Gothic
Cor letra 1	Negro
Cor letra 2	Branco

Dimensións A. Mínimo	100 cm
Altura mínima	130 cm

Os carteis serán de material resistente, non sendo admisible a simple impresión en papel. Colocaranse sempre nun lugar visible ao público.

O elemento publicitario debe manterse, polo menos, durante un prazo idéntico ao do compromiso que adquire o beneficiario ao recibir a subvención.

